

Ficha sobre a entrevista:

Entrevistadoras: Mariña Maceiras Segovia, Paula Moldes Fernández e Guillermo Rivas Álvarez (4°ESO-D)

Datos sobre a entrevistada:

A nosa entrevistada chámase Daniela Puga Albariño, naceu o 02/05/1984 no Brasil coma descendente de inmigrantes galegos. Viu vivir a Galiza cando cumpriu os 14 anos e en menos de dou meses xa falaba perfectamente o galego, en parte porque aínda que antes non o utilizaba, os seus avós falábanlle galego na casa. Esta relación tan especial coa nosa lingua foi unha das razóns polo que a entrevistamos, a outra foi a súa curiosa traxectoria laboral: pasou de muller militar con cargo de cabo na uniDade de Zapadores no exército español a graduada en fisioterapia.

1º Fragmento seleccionado: minutos 5:34-6:08

NIN SEQUERA O CONSIDERARON COMO UN IDIOMA

Daniela Puga sobre as críticas que recibiu por empregar a lingua galega.

Alguén cuestionou algunha vez as súas escollas lingüísticas?

Ista é a cuestión da que falaba Daniela acerca do seu emprego coa lingua, ao que ela responde; ``Sí, moitas veces, de feito no meu grupo de amigos algunha vez me preguntaron que por qué falaba en galego, que era un idioma moi feo, bueno nin sequera o consideraron como un idioma, se referían a él como un dialecto``.

A entrevistada, ao igual que nós, pensa que isto non debería pasar, xa que o galego é un idioma como calquera outro.

Sorprendeunos moito o feito de que o galego sexa tan atacado, e con isto aprendemos que hai que normalizar o seu uso moito máis.

2º Fragmento seleccionado: minutos 4:58-5:33

DISCRIMINACIÓN POR LINGUA E POR XÉNERO NO EXÉRCITO ESPAÑOL.

Unha cabo é reprendida polo seu superior por falar en galego cun compañeiro do cuartel, pero a el non se lle dixo nada.

A cabo Daniela Puga Albariño foi reprendida polo seu superior e ata ameazada cun parte (arresto militar) por falar en galego cun compañeiro ao non ser este "el idioma de España, por lo que no se puede hablar en gallego en el ejército español", mentres que ao seu compañeiro de cuartel, varón, non se lle dixo nada. A cabo aceptou a reprimenda do seu superior en silencio pero ao saír do despacho seguiu falando en galego, grazas ao seu "espírito rebelde" dándolle unha pequena vitoria á lingua.

Daniela sentiuse tremendamente ofendida e consternada ante este ataque cara ela e a súa lingua. Aguantou a reprimenda e respondeu en castelán, o cal nos sorprendeu moito,

sabendo que esa era a única maneira de manter o seu posto, pero non se dobregou, continuou falando en galego.

Para nós isto foi coma unha labazada da realidade sobre os ataques continuos que sofre a nosa lingua e o punto de vista de certas persoas que colocan o galego como lingua non oficial de España, ademais de que por algunha razón a que debe ser castigada é sempre a muller. Chegamos a conclusión de que este tipo de actitudes machistas e discriminatorias son un paso atrás para o avance da sociedade e que hai que erradicala canto antes.

3º Fragmento seleccionado: minutos 3:32-4:08

Diferenzas entre o galego e portugués

As diferenzas máis breves que ela notaba nas distintas linguas era na pronunciación e na escrita. Como ela di, o galego parécelle máis sinxelo de practicar e falar, xa que o galego é a súa lingua natal.

A) PERSPECTIVA DO ENTREVISTADO

- Que opina o entrevistado en relación aos temas antes citados?

Non lle resultou sinxelo traballar en distintos sitios onde falábanse idiomas diferentes ca os da ela, o que fixo que lle costara acostumarse.

- Parécenos que as súas achegas modificaron/provocaron algún cambio na nosa opinión?

Eu creo que si, a motivación a aprender novos idiomas .

B) PERSPECTIVA ENTREVISTADOR:

- Que nos sorprende das respostas do entrevistado e por que?

Que puidera levar ben a comunicación en portugués cos seus compañeiros e xefes de traballo tendo en conta que non é una lingua sinxela.

- Que aprendemos do que comunicou o entrevistado?

Que son novas experiencias aprender idiomas novos como fixo ela, porque poden servir para algún futuros como no seu caso laboral.

Conclusiones

- Que opinamos nós da entrevista en xeral?

Gústanos moito como quedou, quixemos facer algo curto pero claro coa intención de que fose interesante e informativa. Pareceunos unha boa idea entrevistar a Daniela dende o primeiro momento e non nos decepcionaron a súas respostas, se ben eran un pouco escuetas.

- Que problemas atopamos para realizala?

Ao principio, Daniela non puido conectarse á videoconferencia porque tiña problemas de conexión, pero una compañeira sabía como solucionalo para que fose posible facer este traballo. A min, fallábame o audio do ordenador e ninguén podía escoitar pero a través de audios foi como puideron comunicarme coa entrevistada.

- Consideramos que ten unha utilidade práctica para o noso xeito de ver/valorar/vivir a lingua e a igualdade?

A entrevista foi moi útil para axudarnos a valorar e para cambiar a nosa perspectiva da lingua e da igualdade.

- Como vemos o futuro da lingua e da igualdade ?

No que concirne ao futuro da nosa lingua estamos relativamente tranquilas, xa que está completamente protexida contra a “extinción” polas leis, hai moita xente que a fala, le e/ou escribe e comunidades e persoas dedicadas completamente a dinamizala. A parte que nos inqueda é a que os concirne a nós, a xente nova, que, dende o noso punto de vista, estase radicalizando: falan sempre en galego depreciando outras linguas e dando mala imaxe, falan un galego reitegracionista que máis ben é portugués perdendo así a esencia do galego en sí ou, a máis común por desgraza, non falan galego e opinan que non é útil.

No ámbito da igualdade cremos que estamos no bo camiño. Nestes últimos anos estase a facer moito por ela e agardamos que, aínda que queda mito por arranxar, dentro de pouco cambie a mentalidade da sociedade para mellor.

- Se houbese que volver realizar a actividade, hai algo que modificarías/engadirías / eliminarías?

Si. En canto a min, podería arranxar o problema do meu audio para que se escoitase moito mellor e claro. Polo demais, penso que está todo moi ben e é unha boa actividade de traballo, grazas a que aprendín cosas novas desta muller.

- A práctica resultou positiva ou negativa?

A práctica ha resultado moi positiva para nós, xa que nos ha axudado a coñecer o punto de vista e as experiencias de alguén como Daniela.